



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

##### Anuncio

#### CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DESTE ORGANISMO PROVINCIAL CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO 2019.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se dá publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Excm. Deputación Provincial de Lugo referidas ao cuarto trimestre do 2019.

ÁREA	UNIDADE	ENTIDADE	REPRESENTANTE	OBXECTO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO
Área De Promoción Económica E Social	Sección De Promoción Económica E Emprego	Confederación Empresarial da Provincia de Lugo	Eduardo Valín Fernández	Financiación da execución da actuación "Estudio e difusión"	4330.48911	123.000 €	2019
Área De Promoción Económica E Social	Sección De Promoción Económica E Emprego	Asociación Española de Economía Agraria	Ana Isabel García Arias	Financiación da execución da actuación denominada "XII Congreso de Economía Agraria"	4330.48911	5.000 €	2019
Área De Promoción Económica E Social	Sección De Promoción Económica E Emprego	Asociación Foro Enrique Peinador	Carmen Pérez Vaquero	Financiación da execución da acción denominada "Día da galegitude empresarial"	4330.48911	4.308,20 €	2019
Área De Promoción Económica E Social	Sección De Promoción Económica E Emprego	Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo	Xosé Basilio Otero Rodríguez	Financiación da execución da actuación "Participación e divulgación do sector pesqueiro de Lugo en Consellos Consultivos Europeos e Entidades da Economía Social"	4330.48911	8.447,45 €	2019

Lugo, 10 de xaneiro de 2020.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0068

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 10/01/2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 1º SEMESTRE DO 2020.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/03/2020. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0069

---

### **CASTROVERDE**

#### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía, do 10 de xaneiro de 2020, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2019, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de xaneiro de 2020.-O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0070

---

### **MONFORTE DE LEMOS**

#### *Anuncio*

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 30 de decembro do 2019, o REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, publícase o texto do mesmo:

#### **REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

##### **ARTIGO 1.- OBXECTO**

1.- De conformidade coa potestade regulamentaria e de autoorganización, o presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento do Pleno do Concello de Monforte de Lemos.

2.- Este regulamento, a lexislación básica estatal na materia e a lexislación autonómica en materia de organización, conforman as fontes normativas de organización e funcionamento do Pleno.

##### **ARTIGO 2.- O PLENO**

O Pleno é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está integrado polos concelleiros/as e presidido pola Alcaldía. Controla e fiscaliza ós órganos de goberno, exerce a potestade regulamentaria e orzamentaria e demais atribucións que lle outorgan as leis.

### ARTIGO 3.- LUGAR DE CEBRACIÓN DAS SESIÓNS

- 1.- As sesións plenarias do Concello celébranse necesariamente no Salón de Plenos da Casa Consistorial.
- 2.- Por razóns xustificadas, a Alcaldía, poderá dispoñer a celebración da sesión noutro local ou edificio adecuado, mediante resolución motivada e previa á da convocatoria do pleno, notificada a todos os membros da corporación.
- 3.- Os membros da corporación tomarán asento o salón de sesións conforme á súa adscrición ós grupos políticos municipais. A Alcaldía determinará a orde de colocación dos grupos dando preferencia ó formado polos/as concelleiros/as da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a disposición tenderá a facilitar a emisión e recuento de votos.

### ARTIGO 4.- CLASES DE SESIÓNS

- 1.- As sesións do pleno poderán ser:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias
- c) Extraordinarias e urxentes

O pleno realizará sesións ordinarias, con carácter mensual. Ó inicio do mandato estableceranse as datas e horario concreto.

a) A Alcaldía, previa consulta coa xunta de voceiros, poderá variar por circunstancias excepcionais e xustificativas o día de celebración dalgunha sesión ordinaria, apartándose o menos posible do acordado no pleno, comunicándoo ós interesados.

b) O pleno realizará sesións extraordinarias cando sexan convocadas con este carácter pola Alcaldía ou a solicitude de cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación, sen que ningún/ha concelleiro/a poidan solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude deberá de facerse por escrito na que se razoen as cuestións que a motivan, os asuntos a incluír na orde do día e o texto das propostas dos acordos que se pretenden adoptar.

A convocatoria de sesión extraordinaria a instancias dos membros da corporación non poderá demorarse por máis de 15 días hábiles dende que fora solicitada, non podendo incorporarse ó pleno extraordinario máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Se a presidencia non convocase o pleno dentro do prazo sinalado, quedaría automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ó da finalización de dito prazo, ás 12:00 horas. En todo caso, dita convocatoria será notificada de acordo co artigo 7 deste regulamento.

c) O pleno realizará sesións extraordinarias urxentes cando sexan convocadas con tal carácter pola presidencia cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar, non permita convocar a sesión cunha antelación mínima de dous días hábiles. Neste caso deberá incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do pleno sobre a urxencia da convocatoria, que deberá ser aprobada por maioría simple dos seus membros.

### ARTIGO 5: UNIDADE DE ACTO

- 1.- Toda sesión haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarase que termine o mesmo día do seu comezo, podendo acordar a Presidencia a continuidade do mesmo ata o remate da orde do día.
- 2.- Exceptuando circunstancias excepcionais, ou sexa de urxencia ou gravidade para os intereses do Concello, a sesión levantarase ás 24:00 horas, salvo que non tivese concluído o debate ou votación do punto da orde do día que se estea examinando.
- 3.- Os asuntos non debatidos, incluíranse na orde do día da seguinte sesión ordinaria.
- 4.- Durante o transcurso da sesión, a presidencia poderá acordar interrupcións para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para descansar os debates.

### ARTIGO 6: PUBLICIDADE DAS SESIÓNS

- 1.- As sesións do pleno serán públicas, non obstante, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ó dereito recollido no artigo 18.1 da Constitución cando así se acorde por maioría absoluta.
- 2.- Os representantes dos medios de comunicación deberán ter garantido o acceso e o espazo para desenvolver a súa tarefa nas debidas condicións.
- 3.- A presidencia velará polo mantemento da orde no salón. O público asistente ás sesións non poderá intervir, efectuar manifestacións de agrado ou desagrado, nin proferir comentarios que afecten ó devir da sesión. Tampouco se permitirán que os membros da corporación se dirixan ó mesmo, salvo a presidencia para chamar ou pedir orde, podendo a presidencia en caso necesario, ordenar o desaloxo de calquera persoa ou do público asistente á sesión, podendo suspender a sesión ata retomar a tranquilidade para reanudar o pleno.

### ARTIGO 7: CONVOCATORIA DAS SESIÓNS PLENARIAS

1.- As sesións plenarias requirirán a súa previa convocatoria pola presidencia que, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar, se lle notificará ós membros da corporación.

2.- Tanto as sesións ordinarias como as extraordinarias que non sexan de carácter urxente, terán que convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación.

A estes efectos, con base no establecido no art. 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, que non teñan o carácter de urxentes, faránse por medio da sé electrónica do Concello.

De dita convocatoria remitirase unha notificación a cada un dos concelleiros/as e aos grupos políticos existentes na Corporación, a unha conta de correo electrónico, que lles será asignada pola unidade de informática do Concello.

A convocatoria de sesións extraordinarias de carácter urxente poderá realizarse por calquera medio que garanta a recepción da mesma polos concelleiros, incluso telefonicamente ou por medios telemáticos (correo electrónico), tentando previamente de consensuar o horario de celebración cos portavoces municipais ó inicio do mandato.

Igual réxime de notificación utilizaráse para as convocatorias dos restantes órganos colexiados, así como para o resto das relacións do Concello cos concelleiros/as e cos Grupos Políticos.

2.- Tanto as sesións ordinarias como as extraordinarias que non sexan de carácter urxente, terán que convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación. A convocatoria de sesións extraordinarias de carácter urxente poderá realizarse por calquera medio que garanta a recepción da mesma polos concelleiros, incluso telefonicamente ou por medios telemáticos (correo electrónico), tentando previamente de consensuar o horario de celebración cos portavoces municipais ó inicio do mandato.

3.- A convocatoria conterà a data, hora e lugar de celebración, así como a correspondente orde do día.

4.- A documentación integra dos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición dos/as concelleiros/concelleiras dende o día da convocatoria na secretaría xeral do concello.

5.- A convocatoria será remitida ós/ás concelleiros/concelleiras nos seus domicilios polos medios citados no punto 2 deste artigo de xeito que quede acreditada a recepción da convocatoria coa pertinente antelación, dita notificación será válida a todos os efectos.

#### **ARTIGO 8: ORDE DO DÍA DAS SESIÓNS**

1.- A orde do día das sesións será fixada pola alcaldía, asistida da secretaría. Así mesmo, poderá solicitar a asistencia dos membros da Xunta do goberno local e consultar, se o estima oportuno, á xunta de portavoces.

2.- Na orde do día incluíranse os asuntos ditaminados ou informados nas comisións informativas que correspondan.

3.- A alcaldía ou presidente/presidenta por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos portavoces, asuntos que non foran previamente informados pola respectiva comisión informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse ningún acordo sobre estes asuntos se que o pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

4.- Antes do punto correspondente a rogos e preguntas, procederá ó tratamento das mocións de urxencia.

5.- Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ó debate e, no seu caso, á votación figurará a disposición de todos os concelleiros/concelleiras dende o mesmo día da convocatoria na secretaría da corporación. Calquera concelleiro/concelleira poderá, en consecuencia, examinala pero os orixinais non poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto.

6.- A presidencia poderá non incluír na orde do día do pleno, aquelas propostas en cuxa redacción se conteñan expresións que sexan insultantes para as persoas ou as institucións e contrarias á obriga de gardar cortesía no desempeño do cargo, sempre e cando os propoñentes se negaran a modificar as devanditas propostas.

7.- Salvo caso de recoñecida urxencia sobrevida que deberá ser motivada e ratificada por maioría absoluta, nas sesións ordinarias non se tratarán máis asuntos que os contidos na orde do día.

#### **ARTIGO 9: APERTURA DA SESIÓN**

1.- Comprobada a existencia de quórum polo/a secretario/secretaria poderase iniciar a sesión.

2.- Iniciada a sesión, cando así figure na orde do día, a presidencia someterá á consideración do pleno a acta ou actas das sesións anteriores. Se ningún membro da corporación realiza obxeccións, entenderanse aprobadas por unanimidade. Se se producisen observacións, acordaranse as rectificacións que procedesen que, en ningún caso, implicarán modificacións do fondo dos acordos adoptados limitándose á corrección de erros de redacción e materiais dos acordos ou das intervencións consignadas.

#### **ARTIGO 10: NORMAS XERAIS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

1.- Corresponderalle á presidencia a dirección da sesión, das distintas intervencións e control da orde dos debates. Asegurar a boa marcha da sesión e acordar, no seu caso, as interrupcións que estime convenientes; dirixirá os

debates, manterá a orde nestes e sinalará os tempos de intervención, nos termos sinalados no presente regulamento.

2.- Os asuntos da orde do día debateranse e votaranse pola orde que nela estean consignados sen prexuízo de que a presidencia, por iniciativa propia ou por petición dos/as voceiros/voceiras, a altere. En ningún caso os asuntos da parte de control precederán ós da parte resolutiva.

3.- De cada punto da orde do día darase unha explicación detallada do seu contido polo/a concelleiro/concelleira con competencias delegadas na materia ou polos/as voceiros/voceiras dos grupos políticos municipais propoñentes, segundo os casos.

4.- A presidencia, por iniciativa propia, sempre que non se opoña ningún grupo político, ou por petición destes, poderá decidir que non se expliquen determinadas propostas, proposicións ou mocións cando o seu contido sexa perfectamente coñecido polos membros da corporación.

5.- Explicada a proposta, proposición ou moción e, no seu caso, as emendas formuladas, a presidencia abrirá a quenda de intervencións.

6.- Se ningún concelleiro/concelleira solicita a palabra sobre o ditame, proposición ou moción e non houberse emendas, a presidencia someterá a proposta, proposición ou moción a votación.

7.- Si se presentasen emendas, estas deberán ser aceptadas ou rexeitadas polo grupo ou concelleiro/concelleira propoñente, non podendo ser votadas sen o seu consentimento.

#### **ARTIGO 11: DELIBERACIÓN**

1.- O debate iniciarase cunha exposición da proposta a cargo de calquera membro do grupo municipal que a subscriba. Esta exposición non se prolongará máis de seis minutos.

2.- A continuación os demais grupos municipais, comezando polo que teña menos concelleiros ou menos votos no caso de igual número de concelleiros, consumirá unha primeira rolda na que as intervencións non excederán os seis minutos. Non obstante, naqueles temas que pola súa importancia ou complexidade así o requiran, o/a alcalde/alcaldesa, previa consulta da xunta de voceiros, notificaralle ó pleno a duración das intervencións antes de comezaren estas.

3.- Se o solicitase algún grupo, procederase a unha segunda rolda, se participou na primeira, tendo esta unha duración máxima de tres minutos por cada grupo, podendo intervir calquera membro do mesmo.

4.- O grupo propoñente terá dereito a unha quenda de aclaracións de dous minutos como turno de peche.

Se houbera grupo mixto formado por máis dun partido, os tempos de intervención repartiranse proporcionalmente.

5.- Só por alusións calquera concelleiro/concelleira poderá solicitar da presidencia a palabra. De serlle outorgada, fará uso desta de xeito moi breve e conciso e a duración máxima da intervención por alusións será de dous minutos. Non terá dereito por alusións os voceiros/voceiras que participaran no debate.

6.- Transcorrido o tempo establecido para cada intervención a presidencia retirarlle a palabra ó concelleiro/concelleira no uso da mesma, logo de advertirlle que debe concluír a súa intervención.

7.- Rematadas as intervencións, a presidencia poderá facer uso da palabra para aclaracións sobre o resultado do debate sen consumir turno e declarará rematado o debate. De seguido, a presidencia deberá expoñer os termos da votación. Se se presentasen emendas actuarase segundo ó previsto neste regulamento.

8.- Nos plenos extraordinarios, a ordenación do debate será a mesma que nos plenos ordinarios, salvo nos plenos de especial importancia nos que a xunta de portavoces poderá pactar outra forma de desenvolvemento do debate.

9.- O/a alcalde/alcaldesa poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa esta para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para dar descanso dos debates. Estas interrupcións non terán unha duración superior ós trinta minutos con carácter xeral.

#### **ARTIGO 12: CUESTIÓN DE ORDE E RETIRADA DE ASUNTOS**

1.- Todos os membros da corporación poderán en calquera momento do debate, presentar unha cuestión de orde. Será resolta pola presidencia trala consulta, no seu caso, si o considera necesario, coa secretaría xeral, sen que sobre a decisión proceda debate.

2.- Os/as concelleiros/concelleiras poderán solicitar durante o debate a retirada dun asunto incluído na orde do día a efectos de que se complete o expediente con novos documentos ou informes, ou pedir que quede sobre a mesa, aprazándose a discusión para a seguinte sesión, para o seu mellor estudo. Se o/a concelleiro/concelleira ou grupo municipal propoñente acepta a proposta de retirada ou de deixar sobre a mesa o punto, así se procederá e continuarase coa orde do día fixada na orde de convocatoria. Se fose un asunto de xestión municipal, o pleno decidirá por maioría si se retira ou non da orde do día o punto solicitado.

#### **ARTIGO 13: CHAMADA A CUESTIÓN E Á ORDE**

1.- Durante o debate non se admitirán máis intervencións que as da presidencia para chamar á cuestión debatida cando se desvíe o debate do asunto principal, cando se volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas ou ben para chamar á orde e/ou advertir que se esgotou o tempo ou que se carece do uso da palabra. A presidencia chamará á orde ó/á concelleiro/concelleira que profira palabras ou conceptos ofensivos para a corporación, para os seus membros, para institucións públicas ou para calquera outra persoa ou entidade.

2.- Se unha ou un concelleiro é chamada/o tres veces á orde nunha mesma sesión, a presidencia, con advertencia na segunda das consecuencias, poderá ser expulsada/o do salón de plenos.

3.- Se por calquera causa, durante a realización da sesión se producise unha alteración da orde pública que, a xuízo da presidencia, impedise o normal desenvolvemento da sesión, poderá ordenar a súa suspensión polo prazo máximo de media hora. Se transcorrido este prazo, non se pode continuar novamente, a presidencia, trala consulta coa xunta de voceiros, optará por reanudala a porta pechada ou por levaltala definitivamente. Neste caso, os asuntos que queden pendentes terán que ser tratados noutra sesión que terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.

#### **ARTIGO 14: VOTACIÓN**

1.- Rematadas as intervencións, a presidencia declarará rematado o debate, de seguido a presidencia deberá expoñer de forma clara e concisa os termos da votación.

2.- O voto emitirase en sentido positivo ou negativo sen prexuízo da abstención. Entenderase que os membros da corporación que se ausenten do salón de plenos unha vez iniciado o debate dun asunto, se absteñan de votar se non está presentes no momento da votación.

3.- Os asuntos considéranse aprobados por asentimento e unanimidade se unha vez presentados non xeran debate nin oposición.

4.- Iniciada a votación non se poderá interromper por ningún motivo nin a presidencia outorgará o uso da palabra. Non poderán os membros da corporación, durante a votación, entrar no salón de plenos nin abandonala.

5.- Nas votacións con resultado de empate efectuarase unha segunda votación, se persiste, decidirá o voto de calidade do alcalde/alcaldesa.

6.- Concluída a votación, a presidencia proclamará o acordado coa indicación dos votos afirmativos, as abstencións e os negativos.

7.- Proclamado o acordo, os grupos que non interviñesen no debate ou que despois deste modificaran o sentido do seu voto, poderán solicitar da presidencia unha quenda de explicación de voto que non exceda dun minuto.

#### **ARTIGO 15: SISTEMAS DE VOTACIÓN**

1.- As votacións poden seguir os seguintes sistemas:

a) Ordinarios: manifestaranse levantando a man.

b) Nominais: mediante a chamada, por orde alfabética de apelidos, no último lugar, a presidencia. Cada concelleiro/concelleira ó ser nomeado/a polo/a secretario/secretaria xeral, responderá “sí”, “non” ou “abstéñome”.

c) Secretos: mediante papeleta depositada polos concelleiros e concelleiras nunha urna.

2.- O sistema normal de votación é o ordinario.

A nominal utilizarase con carácter preceptivo, cando se someta á consideración do pleno unha cuestión de confianza, unha moción de censura, cando as leis así o impoñan.

3.- A votación secreta utilizarase para a elección ou destitución de persoas, cando o asunto afecte ós dereitos do artigo 18 da Constitución e cando o estableza a lei.

#### **ARTIGO 16: QUÓRUM DE VOTACIÓN**

1.- Os acordos adóptanse por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos superan ós negativos.

2.- Adoptaranse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación os acordos que de conformidade coas leis así o requiran.

#### **ARTIGO 17: DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DO GOBERNO POLO PLENO**

Salvo que o/a alcalde/alcaldesa dispoña outra cousa, a orde na que se deben tratar o asuntos é a seguinte:

a) Aprobación da acta ou actas da/s sesión/s anterior/es.

b) Os asuntos incluídos na orde do día, obxecto de ditame polas comisións informativas.

Nas sesións ordinarias incluíranse ademais, despois dos anteriores:

a) As mocións e propostas urxentes que non consten na orde do día.

b) Dación en conta das resolucións de alcaldía.

c) Rogos e preguntas.

#### **ARTIGO 18: DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Expresan o posicionamento político ou social do Concello de Monforte de Lemos, respecto de calquera asunto de interese xeral. Serán elevadas ó pleno como declaración da corporación no suposto de que non susciten reparo ou emenda, presentadas ante o rexistro xeral do concello polos/as voceiros/voceiras dos grupos políticos municipais para o seu consenso na xunta de voceiros. Serán elevadas ó pleno como declaración da corporación no suposto de que non susciten reparo ou emenda polos demais grupos. En ningún caso serán obxecto de debate e consideraranse aprobadas por asentimento e unanimidade tras a súa lectura.

#### **ARTIGO 19: INICIATIVAS Ó PLENO**

Cada grupo municipal poderá presentar para o debate nos plenos ordinarios ata seis iniciativas que se distribuirán tal como establecen os artigos 20, 21, 22, 23 e 24 deste regulamento.

#### **ARTIGO 20: MOCIÓNS**

1- Os grupos municipais poderán presentar a cada pleno ordinario dúas mocións sobre asuntos que consideren de interese xeral, que deberán estar presentados antes da convocatoria da respectiva Comisión Informativa.

2.- Os grupos poderán someter, respectivamente, á consideración do pleno, algunha moción por razóns de urxencia sobrevida, derivada dalgún feito excepcional. Estas deberán ser entregadas antes do inicio da sesión plenaria. Antes do inicio do debate destas mocións, deberá pronunciarse o Pleno sobre a urxencia da mesma co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, previa intervención do autor da iniciativa na que xustifique a urxencia da mesma, sen que iso supoña expoñer o fondo da iniciativa, por un tempo máximo de dous minutos.

3.- Se para a mesma sesión plenaria varios grupos presentan mocións sobre o mesmo ou similar asunto, o debate poderá ser conxunto e a votación deberá ser separada.

4.- A votación das mocións será á totalidade do texto, sen prexuízo da presentación de emendas. No caso de que as emendas sexan aceptadas polo grupo autor da iniciativa, realizarase a votación sobre o texto modificado. Non se admitirán votacións parciais agás que o/a propoñente o acepte, nin se poderán votar emendas non aceptadas polo grupo propoñente.

Así mesmo, o propoñente pode retirar a iniciativa en calquera momento, sempre antes de sometela á votación.

#### **ARTIGO 21: ROGOS**

1.- Os/as membros da corporación poderán as sesións ordinarias formular dous rogos.

2.- Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola alcaldía na orde do día da sesión no suposto de que se presenten no rexistro xeral do concello, antes da convocatoria do Pleno.

3.- O tratamento do asunto limitarase exclusivamente á súa breve formulación polo/a propoñente, sen realizar unha exposición para o debate, e a súa consideración polo/a concelleiro/concelleira da área afectada que disporá para isto dun máximo de dous minutos.

4.- Non se admitirán rogos do exclusivo interese persoal de quen os formula ou de calquera outra persoa singularizada, ou que supoñan consultas de índole estritamente xurídica nin os reiterativos doutros sustanciados no mesmo trimestre.

#### **ARTIGO 22: PREGUNTAS**

1.- Os grupos da corporación poderán formular dúas preguntas nas sesións ordinarias.

2.- Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola alcaldía na orde do día da sesión no suposto de que se presenten no rexistro xeral do concello, antes da convocatoria do Pleno. Se fosen formuladas oralmente poderán responderse ou non na mesma sesión. No caso contrario incluíranse para a súa resposta na seguinte sesión ordinaria.

3.- A tramitación das preguntas limitarase exclusivamente á súa breve formulación polo/a propoñente, sen realizar unha exposición para o debate e a súa contestación polo/a concelleiro/concelleira da área afectada, por un tempo máximo de dous minutos.

4.- Tanto os rogos como as preguntas deberán ser sucintas e claras realizadas nun tempo máximo de dous minutos por cada concelleiro/concelleira, e será contestadas pola presidencia ou por delegación, polo voceiro/voceira do grupo de goberno ou polo/a concelleiro/concelleira delegado/delegada correspondente.

5.- Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoas de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras sustanciadas no mesmo ano.

#### **ARTIGO 23: PRESENTACIÓN DE ROGOS E PREGUNTAS**

1.- Os rogos e preguntas poderán ser presentados nun documento conxunto ou de xeito individualizado, pero independentemente da forma elixida non poderá superar o número asignado por tipo de iniciativas a cada grupo.

2.- As preguntas serán sobre cuestións concretas e non poderán consistir nunha relación de cuestións dentro da mesma pregunta.

#### ARTIGO 24: INICIATIVAS DO GRUPO MIXTO

Si como resultado das eleccións houbera algunha/as candidatura/as que non acadase/en o número mínimo legal de dous concelleiros/concelleiras para formar grupo propio, integrándose no Grupo Mixto e si o citado Grupo estivera formado por máis dun partido ou candidatura, o número de iniciativas que pode presentar para o Pleno será o mesmo que resto dos grupos (2 mocións, 2 preguntas e 2 rogos), repartindo proporcionalmente entre eles o número de iniciativas.

#### ARTIGO 25: ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS ÓS GRUPOS MUNICIPAIS

1.- Os Grupos Municipais recibirán unha aportación económica para o seu funcionamento con cargo ó orzamento municipal fixado para cada exercicio, establecendo unha contía por grupo e outra por cada concelleiro/concelleira, que sempre será a mesma para cada grupo e para cada concelleiro/concelleira.

2.- No caso de que exista Grupo Mixto, a contía que reciba o grupo, será repartida proporcionalmente entre os partidos ou candidaturas que o compoñan.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango, relativas á organización e o funcionamento do Concello de Monforte de Lemos que contradigan o presente Regulamento.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 15 de xaneiro de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R.0081

## O VALADOURO

### Anuncio

Por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 09 de xaneiro de 2020, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación e permuta do seguinte ben inmovible:

Camiño Público núm.	Polígono 9, parcela 9009
Nome:	Camino de pozo mouro
Lonxitude (metros):	360,90m2
Observacións	A superficie afectada pola desafectación será obxecto de permuta dunha superficie de 451,58m2 da parcela 517 do polígono 9

Logo de instruír polos servizos competentes deste Concello, expediente de desafectación e permuta de camiño público, de conformidade co artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sométese a información pública polo prazo dun mes a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

O Valadouro 13 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0071



## VILALBA

*Anuncio*

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 8/11/2020 da modificación da “Ordenanza fiscal n.º 54, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, alga e hidrocarburos”, publicado no BOP nº 259 do 12/11/2019, insertándose de seguido o seu texto íntegro, no cumprimento do estipulado no art. 17 do RD Legislativo, 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das Facendas Locais) e no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA FISCAL núm. 54 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

A teor das facultades normativas outorgadas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985** reguladora das **Bases de Réxime Local** sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos **artigos 57, 15 e seguintes, do texto refundido da Lei de facendas locais**, aprobado polo **Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo**, e **artigos 20 e seguintes deste texto normativo**, en especial o **artigo 24.1 do propio corpo normativo**, régúlase mediante a presente ordenanza fiscal a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

**ARTIGO 1º. ÁMBITO DE APLICACIÓN:** veñen obrigadas ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de ben e demais entidades a que se refiren o **artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria**, que leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial de dominio público local coas especificacións e concrecións deste que se dirán, ou que veñan gozando dos ditos beneficios.

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa a satisfacer establecida no **artigo 24.1.a), do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o **artigo 24.1.c)**.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE:** Constitúe o feito imponible da taxa, conforme ao **artigo 20 do texto refundido da Lei de facendas locais do 5/3/2004**, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do solo, subsolo e voo con:

a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos se definen como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outros subministrados enerxéticos, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.

b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se encontren en termo municipal, así como os bens comunais ou pertencentes ao común da veciñanza, exceptuándose os denominados bens patrimoniais.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o **artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003**, que gozen, utilicen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o **artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003**, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, electricidade e hidrocarburos, sempre que gozen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos **artigos 20 e seguintes da Lei de facendas locais** tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo no Concello ou en calquer outro lugar, pero que utilicen ou aproveiten o dominio público municipal, afectando coas súas instalacións ao dominio público local.

#### ARTIGO 4º. BASES, TIPOS E COTAS TRIBUTARIAS.

A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no **artigo 24.1.a) do TRLHL**, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas pola dita utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, fixarase tomando como referencia o valor que terá no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, como se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista dos informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, coas salvidades dos dous últimos parágrafos do **artigo 25 do RDL 2/2004** en vigor.

Para tal fin, e en consonancia co **apartado 1.a) do artigo 24 da Lei reguladora das facendas locais**, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, resultará a cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, canos, liñas, condutores, repetidores, etc, que se asenten e atravesen bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que, en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguan, non obstante, o seu aproveitamento común ou público ou obteñen sobre estes unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A cota tributaria resultará de calcular en primeiro lugar a base impositible que vén dada polo valor total da ocupación, solo e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase, que reflicte o estudo, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudo en atención ás prescricións das normas sobre a cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impositible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao Estudo Técnico-Económico, que forma parte desta ordenanza no que, coa metodoloxía empregada, obtivo e recolleu a cota tributaria en cada caso.

#### ARTIGO 5º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás os supostos de inicio ou cese na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, casos nos que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restas para finalizar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cese de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cese.

2. A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace nos momentos seguintes:

- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente.
- b) Cando o goze do aproveitamento especial ou a utilización do dominio público local, a que se refire o artigo 1 desta ordenanza, non requira licenza ou autorización, desde o momento no que se ten iniciado o citado aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.

3. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público local se prolonguen durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

#### ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.- A taxa esixirase normalmente en réxime de autoliquidación – Tamén se esixirá mediante notificación das cotas ao suxeito pasivo cando non exista autoliquidación ou non se presente declaración polo suxeito pasivo en canto aos elementos e demais para determinar as cotas tributarias

2.- As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e por cada utilización privativa da seguinte forma:

- a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial, presentarase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa ou noutro caso aplicarase o apartado 2 deste artigo en relación co parágrafo seguinte.

Alternativamente, poden presentarse en secretaría os elementos da declaración co obxecto de que o funcionario ou funcionaria municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Nese suposto, expedirase un aboarei á persoa interesada, co obxecto de que pode satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pago indicados no propio abonarei.

b) En supostos de aproveitamentos xa existentes ou autorizados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Coa fin de facilitar o pago, ou no suposto de que o suxeito pasivo non achegue datos, o Concello levará a cabo a pertinente liquidación e poderá remitir ao domicilio do suxeito pasivo un documento liquidatorio apto para permitir o pago na entidade bancaria colaboradora ou na caixa municipal.

Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obriga de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello.

3.- O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, en cuxo caso ordenarase o cargo na conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario, establecéndose en tales casos unha bonificación do 5 por 100 da cota tributaria desta taxa, de conformidade ao establecido no **artigo 9 apartado 1 do texto refundido da Lei regulado das facendas locais**.

#### **ARTIGO 7º. NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS.**

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamento ou utilizacións a que se refire esta ordenanza realizarase á persoa interesada no momento no que se presenta a autoliquidación ou no que se leva a cabo a súa liquidación, se aquela non se presentase.

Non obstante, o previsto no apartado anterior, se unha vez rectificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase a liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais ou utilización privativa continuada, obxecto desta ordenanza, que ten carácter periódico, notificarase persoalmente mediante liquidación, entendéndose desde ese momento a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos poderá notificarse persoalmente ao suxeito pasivo, ou colectivamente mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período correspondente que se anunciará neste último caso no Boletín Oficial da Provincia.

3. As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberán solicitar a esta e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a súa falta lles exima do pago da taxa.

4.- Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza, ou establecida ela, se non se determinou con exactitude a duración da autorización que implique o aproveitamento ou a utilización privativa, entenderase prorrogada para os efectos desta ordenanza, ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos.

5. A presentación de baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural do tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas.- A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### **ARTIGO 8º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, aplicarase o disposto na vixente lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza no seu actual contido, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1/1/2020, permanecendo en vigor para exercicios sucesivos ata a súa modificación ou derogación expresa.

## ANEXO I CADRO DE TARIFAS

GRUPO I ELECTRICIDAD								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM	EQUIVALENCIA POR TIPO DE TERRENO (m <sup>2</sup> /ml) (C)	VALOR DEL APROVECHAMIENTO (Euros/ml) (A+B)x0.5x(C)	5% TOTAL TARIFA (Euros/ml) (A+B)x0.5x(C)x0.05
		SUELO (Euros/m <sup>2</sup> ) (A)	CONSTRUCCIÓN (Euros/m <sup>2</sup> ) (B)	INMUEBLE (Euros/m <sup>2</sup> ) (A+B)	0.5 (A+B)x0.5			
<b>CATEGORÍA ESPECIAL</b>								
TIPO A1	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión U ≥ 400 Kv. Doble circuito o más circuitos	0,074	27,574	27,649	13,824	17,704	244,749	12,237
TIPO A2	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión U ≥ 400 Kv. Simple circuito	0,074	16,856	16,930	8,465	17,704	149,869	7,493
TIPO A3	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv ≤ U < 400 Kv. Doble circuito o más circuitos	0,074	39,015	39,089	19,545	11,179	218,481	10,924
TIPO A4	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv ≤ U < 400 Kv. Simple circuito	0,074	23,850	23,924	11,962	11,179	133,717	6,686
<b>PRIMERA CATEGORÍA</b>								
TIPO B1	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 110 Kv < U < 220 Kv . Doble circuito o más circuitos	0,074	26,333	26,407	13,204	6,779	89,502	4,475
TIPO B2	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 110 Kv < U < 220 Kv . Simple circuito	0,074	20,137	20,211	10,106	6,779	68,502	3,425
TIPO B3	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 66 Kv < U ≤ 110 Kv	0,074	20,325	20,400	10,200	5,650	57,628	2,881
<b>SEGUNDA CATEGORÍA</b>								
TIPO C1	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 45 Kv < U ≤ 66 Kv. Doble circuito o más circuitos.	0,074	50,921	50,995	25,498	2,376	60,588	3,029
TIPO C2	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 45 Kv < U ≤ 66 Kv. Simple circuito	0,074	29,459	29,533	14,766	2,376	35,088	1,754
TIPO C3	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 30 Kv < U ≤ 45 Kv.	0,074	28,321	28,395	14,197	2,376	33,736	1,687
<b>TERCERA CATEGORÍA</b>								
TIPO D1	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 20 Kv < U ≤ 30 Kv	0,074	29,176	29,251	14,625	1,739	25,440	1,272
TIPO D2	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 15 Kv < U ≤ 20 Kv	0,074	20,553	20,627	10,314	1,739	17,940	0,897
TIPO D3	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 10Kv < U ≤ 15 Kv	0,074	19,691	19,765	9,882	1,534	15,162	0,758
TIPO D4	Un metro de línea aérea de alta tensión. Tensión 1Kv < U ≤ 10 Kv.	0,074	14,534	14,609	7,304	1,517	11,081	0,554

U Tensión nominal  
 Aquellas línea de la red de transporte cuya tensión nominal sea inferior a 220Kv se incluirán a efectos de tributación en la categoría de su tensión correspondiente

## GRUPO II GAS E HIDROCARBUROS

INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM	EQUIVALENCIA POR TIPO DE TERRENO (C)	VALOR DEL APROVECHAMIENTO (Euros/Unidad de medida) (A+B)x(C)	5% TOTAL TARIFA (Euros/Unidad de medida) (A+B)x(C)x0.05
		SUELO (Euros/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (Euros/m2) (B)	INMUEBLE (Euros/m2) (A+B)	0.5 (A+B)x0.5			
TIPO A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de hasta 4 pulgadas de diámetro.	0,074	16,387	16,461	8,230	3,000	24,691	1,235
						(m2/ml)	(euros/ml)	(euros/ml)
TIPO B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de más de 4 pulgadas y hasta 10 pulgadas de diámetro	0,074	28,677	28,751	14,375	6,000	86,253	4,313
						(m2/ml)	(euros/ml)	(euros/ml)
TIPO C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de más de 10 pulgadas de diámetro y hasta 20 pulgadas.	0,074	46,088	46,162	23,081	8,000	184,647	9,232
						(m2/ml)	(euros/ml)	(euros/ml)
TIPO D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de más de 20 pulgadas de diámetro.	0,074	49,160	49,234	24,617	10,000	246,171	12,309
						(m2/ml)	(euros/ml)	(euros/ml)
TIPO E	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3.	0,074	63,500	63,574	31,787	100,000	3.178,712	158,936
						(m2/Ud)	(euros/Ud)	(euros/Ud)
TIPO F	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior.	0,074	63,500	63,574	31,787	500,000	15.893,558	794,678
						(m2/Ud)	(euros/Ud)	(euros/Ud)

## GRUPO III AGUA

INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM	EQUIVALENCIA POR TIPO DE TERRENO (m2/ml) (C)	VALOR DEL APROVECHAMIENTO (Euros/ml) (A+B)x(C)	5% TOTAL TARIFA (Euros/ml) (A+B)x(C)x0.05
		SUELO (Euros/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (Euros/m2) (B)	INMUEBLE (Euros/m2) (A+B)	0.5 (A+B)x0.5			
TIPO A	Un metro de tubería de hasta 10 cm. de diámetro	0,074	10,366	10,440	5,220	3,000	15,660	0,783
TIPO B	Un metro de tubería superior a 10 cm. y hasta 25 cm. de diámetro	0,074	13,292	13,366	6,683	3,000	20,049	1,002
TIPO C	Un metro de tubería superior a 25 y hasta 50 cm. de diámetro.	0,074	18,975	19,049	9,525	3,000	28,574	1,429
TIPO D	Un metro de tubería superior a 50 cm. de diámetro.	0,074	22,869	22,943	11,472	3,000	34,415	1,721
TIPO E	Un metro lineal de canal.	0,074	26,532	26,606	13,303	D	13,303xD	0,665xD

D Perímetro interior canal (m)

Vilalba, 13 de xaneiro de 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0073

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Por medio da presente publícanse as bases reguladoras e convocatoria da Fase XVII de subvencións para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local deste Concello, de once de decembro de dous mil dezanove.

En Viveiro, a 10 de xaneiro de 2020.- A ALCALDESA. María Loureiro García.

### **BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓN S PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO E CONVOCATORIA PARA A FASE XVII.**

En desenvolvemento do Plan Estatal de Vivenda 2018-2011, do acordo da Comisión Bilateral celebrada o 22 de outubro do 2019, e concretamente en relación á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e ao papel xestor do Concello de Viveiro para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.....

#### **1. OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, con cargo ao convenio asinado polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2018 – 2021, a Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e a Resolución de 31 de maio de 2019 pola que se modifica a anterior.

A convocatoria realízase polo disposto no acordo da Comisión Bilateral celebrada o 22 de Outubro do 2019, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia, consonte os criterios de selección dispostos no apartado 5 das bases.

#### **2. BENEFICIARIOS**

a) Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 7.2 e 50 do Real decreto 106/2018.

Non poderán obter financiamento os beneficiados incluídos no Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello estableceza nesta convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

#### **3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución e cualificación provisional.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así coma pola Intervención Municipal.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.

f) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### 4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.

As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.

A execución de obras e /ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Tamén serán subvencionables os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual ou ocuparan unha infravivenda ou chabola, a consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes en un novo entorno.

O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo da redacción de proxectos, dirección técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, así coma os gastos derivados da tramitación administrativa, e calquera outro gasto similar derivado da actuación, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións iniciadas con posterioridade a 1 de xaneiro do ano da convocatoria en curso, pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes por parte dos interesado no período establecido ó efecto.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

#### 5. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas.

O Concello aprobará unha selección previa de solicitudes candidatas a seren subvencionadas en función das seguintes consideracións: mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, condición social dos beneficiarios, fixación da poboación na Área de Rehabilitación, presenza significativa da unidade de edificación no espazo público, nivel de catalogación da unidade de edificación, e axuste económico do número de actuacións a cumprir e de acordo co seguinte baremo:

a) Mellora das condicións de habitabilidade das vivendas e edificios (0-5 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

b) Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (0-3 puntos): Se valora a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.

c) Nivel de protección da unidade de edificación (0-3 puntos): Nos ámbitos da Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, obterán 3 puntos os Edificios catalogados, 2 puntos os non catalogados pero cunha especial significación arquitectónica, significativa presenza no contorno e característicos do conxunto. Os edificios non incluídos nun ámbito de protección nin catalogados obterán 1 punto se o edificio ten máis de 50 anos de antigüidade.

d) Orzamento por actuación (0-3 puntos): Esta puntuación realizarase co obxectivo de xerar un maior movemento económico na zona asemade para garantir unha maior creación de emprego. Será puntuado do xeito que segue:

- 0 puntos: orzamentos inferiores a 20.000,00 € por actuación.
- 1 punto: orzamento por actuación entre 20.000,00 € e 30.000,00 €.
- 2 puntos: orzamento por actuación entre 30.000,00 € e 50.000,00 € .
- 3 puntos: orzamento por actuación superior a 50.000, 00 €.
- g) Nivel de ingresos do promotor da actuación.

e) Nivel de ingresos do promotor da actuación:

- 0 puntos: Ingresos superiores ó 6,5 IPREM.
- 2 puntos: Ingresos superiores ó 3,5 IPREM e inferiores ó 6,5.

- 5 puntos: Ingresos inferiores ó 3,5 IPREM.

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen.

## 6. ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do Real decreto 106/2018, que non poderá superar os custos medios de mercado establecidos de conformidade coa última edición publicada da Base de Precios da Construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

## 7. CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS

A contía das subvencións será do 40% do custo das actuacións subvencionables, ás que se refire o punto 6 das bases. A contía máxima das axudas será a establecida no artigo 29.2 do Real decreto 106/2018 e nas Resolucións publicadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Subvencións estatais

1. A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxo das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, en que non operará este límite porcentual. Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

2. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enxéctica e sustentación en vivendas, con redución da demanda enxéctica, nos termos establecidos no artigo 36 do RD 106/2018., do 9 de marzo.

b) Ata 8.000€ por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva para actuacións de conservación da mellora na seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018., do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.c do citado Real Decreto e no ordinal decimo terceiro.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementarase esta contía con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, se é o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

c) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.

d) Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentación do medio urbano.

Neste caso, o cómputo do número de vivendas obxecto de rehabilitación e/ou construción, para os efectos da determinación desta compoñente da axuda, corresponderase co número de vivendas que en orixe vaian ser obxecto de rehabilitación ou nova construción dentro da ARI declarada. Se, finalmente, o número de vivendas rehabilitadas ou construídas for inferior, este cómputo non se verá alterado, salvo que o número de vivendas rehabilitadas ou construídas for inferior ao 50 % das inicialmente previstas no acordo específico, caso en que a axuda unitaria por vivenda se verá reducida ata non poder superar 1.500 euros por cada vivenda efectivamente rehabilitada ou construída.

e) Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia que se vaia realoxar, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxo temporal.



f) Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

3. Nas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade a axuda estará condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Subvencións autonómicas

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións nas ARI declaradas coa contía máxima seguinte:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

## 8. COMPATIBILIDADE

Sen prexuízo do establecido no artigo 52 do Real Decreto 106/2018, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

Non resulta compatible a percepción destas axudas coas correspondentes ó Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

## 9. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Poderá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas, co fin de asesoramento. Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

## 10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Viveiro, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. As solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

A.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación.

a) Se o promotor/a é unha persoa física:

1/ Fotocopia do documento identificador da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

3/ Certificado de empradramento na vivenda obxecto da rehabilitación, ou contrato de aluguer en vigor. No caso de que a vivenda non sexa vivenda habitual no momento da presentación da solicitude, declaración xurada de que se vai destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. O cumprimento deste compromiso deberá ser xustificado de conformidade con exposto no punto 3.b) destas bases, con anterioridade á resolución de concesión ou pagamento da axuda.

b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

1/ Documento acreditativo da constitución da sociedade.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:

1/ Documento acreditativo da constitución da comunidade.

2/ Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

3/ Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

5/ Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.

**B.- Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:**

- Que non se atopan incursos nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003.

- Das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

**C.- Certificados.**

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración Local. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ó disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**D.- Documentación referente ás obras e do edificio:**

a) Proxecto ou memoria técnica na cal expresen as obras que se van executar, a súa valoración, clasificándoas en capítulos segundo o disposto no artigo 36,43 e 51 do Real decreto 106/2018. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre a rasante, superficie sobre a rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

c) Licenza e autorizacións para a execución das obras. No suposto de que, no momento da presentación da solicitude, o interesado non conte aínda co acordo de concesión de licenza e autorizacións para a execución das obras deberá presentar xustificante da súa solicitude, debendo aportarse, en todo caso, a concesión da licenza e autorizacións, antes da emisión da proposta de cualificación provisional.

d) Cando o importe do orzamento protexible das obras exceda de 40.000 euros deberán presentarse como mínimo tres orzamentos, de data anterior á contratación das obras, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude. No caso de que non se optase pola oferta económica máis vantaxosa, deberá xustificarse razoadamente, por escrito, a elección realizada.

e) Ós efectos de poder puntuar o aspecto recollido no punto 5.c) das presentes bases, o solicitante deberá presentar xustificante de que a edificación na que se pretende actuar é a súa vivenda habitual, está destinada ó alugueiro ou ben, no suposto de vivenda baleira neste momento, declaración responsable de que a que fin vai ser destinada.

f) Copia das declaracións do IRPF da unidade familiar, correspondente ó último exercicio impositivo pechado, ou no seu caso certificación negativa da Axencia Tributaria. No suposto de comunidades de propietarios esta documentación refírese a cada unha das vivendas.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

## **11. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

Poderán presentarse solicitudes no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

## **12. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS**

### **a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional**

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, a Oficina de Rehabilitación elaborará un documento no que se recollan as solicitudes que non cumpren os requisitos, ós efectos de que o órgano municipal competente proceda á súa denegación.

Por parte da Oficina de Rehabilitación procederase á valoración (segundo os criterios establecidos no punto 5 das presentes bases) das solicitudes que cumpren cos requisitos, elaborando un listado no que se recolla a puntuación obtida por cada unha das solicitudes, e realizando unha proposta de cualificación provisional nas que se incluírán tantas actuacións coma foron concedidas, sempre e cando o orzamento sexa suficiente.

Esta proposta de cualificación provisional, será remitida ó órgano municipal competente para a súa aprobación e posterior remisión á Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha

certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

As solicitudes que, cumprindo cos requisitos non resultaran seleccionadas para a cualificación provisional (por falta de fondos ou por exceder o número de actuacións concedidas), pasarán a formar parte dunha “lista de agarda” para ser incluídos, no suposto de desestimación ou renuncia dalgún dos seleccionados. A orde de inclusión dalgunha solicitude desta “lista de agarda” na cualificación provisional será por orde de puntuación, esta orde para a inclusión só poderá resultar alterada por necesidades de viabilidade económica para a inclusión no programa, entendéndose por tales necesidades o suposto de que pola orde correspondente resultase incluída unha actuación cun importe subvencionable superior ó remanente xerado coa desestimación ou renuncia. Este suposto só poderá realizarse sempre e cando se autorice polo IGVS de Lugo. Esta lista de agarda terá unha duración total igual ó presente programa e Plan Vivenda 2018-2021 deste xeito as actuacións que queden en lista de agarda nunha fase pasarán automaticamente por orde de puntuación obtida ós primeiros postos da seguinte fase.

#### **b) Execución das obras**

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do fin da vixencia do Plan Vivenda 2018-2021.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, nos supostos nos que resulte preciso, deberán estar autorizadas pola correspondente e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que esteñan sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e colocado ata cobro total de axudas solicitadas.

#### **c) Remate das obras e Cualificación Definitiva**

Os promotores das actuacións comunicarán por escrito o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso antes da data establecida no Convenio da Comisión Bilateral celebrada o 22 de outubro do 2019, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa/ou entidade beneficiaria que figure na resolución de cualificación provisional.

Coa comunicación do remate das obras, o interesado presentará a seguinte documentación:

- As facturas correspondentes á execución das obras.
- Xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas.
- Certificado de fin de obra asinado por técnico competente no suposto de que sexa preciso segundo as obras realizadas.
- Fotografías do estado definitivo das obras realizadas.

Por parte da Oficina de Rehabilitación, no caso de ser necesaria a presentación de calquera outra documentación precisa para a xustificación de aspectos referentes á realización das obras, así como calquer outro documento que se requira polo IGVS, comunicarse ó interesado para a súa presentación.

As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

A Oficina de Rehabilitación, unha vez recibida a documentación sinalada neste punto, por parte dos solicitantes, elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021. Esta proposta será aprobada polo órgano municipal competente e remitida para súa aprobación ó IGVS de Lugo.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

### 13. PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS no **prazo dun mes** os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social, da Axencia Tributaria Galega, e da Administración Tributaria Estatal, así como autorizacións ao Concello para consultar os datos de estar ao corrente coa administración Local.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ó custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias, destinaran o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Para estes efectos deberá cada propietario presentar a documentación referida neste punto, non podendo percibir a subvención os propietarios que non cumpran cos requisitos establecidos no punto 2 da presente convocatoria. O aboamento da subvención no suposto de comunidades de propietarios realizarse da forma descrita neste parágrafo, excepto no suposto de que por parte do IGVS ou o Ministerio correspondente se esixa que o abono se realice directamente á Comunidade de Propietarios. Neste último caso será a Comunidade a que repercute a subvención correspondente a cada membro da mesma, debendo acreditar ante o Concello dito feito, así como o cumprimento por cada receptor de que cada un se atopa ó corrente dos pagos ante a Seguridade Social, a Axencia Tributaria Galega, a Administración Tributaria Estatal e local, e cumpre cos requisitos para a súa percepción.

### 14. DENEGACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCIONS

a) Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Segundo o artigo 25, da Resolución do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Consonte o artigo 26, da Resolución do 3 de agosto de 2018:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

- En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación sustancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:
  - Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
  - Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
  - O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
  - A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
  - O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
  - Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

### 15. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

As contías máximas totais das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación e Renovación Urbana	Achega Ministerio de Fomento	Achega Comunidade Autónoma
Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro	247.000,00 €	50.500,00 €

### 18. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real decreto 106/2018, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- b) Resolución do 3 de agosto de 2018, polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal Vivenda, 2018-2021.
- c) Resolución do 31 de maio de 2019, pola que se modifica a resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal Vivenda, 2018-2021.
- d) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- g) O acordo da Comisión Bilateral celebrada o 22 de outubro do 2019, relativo á Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.
- h) Normativa urbanística vixente aplicable.
- i) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

Viveiro, 10 de xaneiro de 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0074

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

#### Anuncio

D/Dª SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. EUCLIDES MENDES TAVARES contra INSARCOL SPAIN S.L.U, en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 902 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a INSARCOL SPAIN S.L.U., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 11/2/2020 a las 10:40 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.**

Asimismo, se ha acordado citar para su asistencia al acto de juicio al representante legal de INSARCOL SPAIN S.L.U., a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultarán en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **INSARCOL SPAIN S.L.U.**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, a tres de enero de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0075

#### *Anuncio*

D. SINESIO NOVO FERNÁNDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. TONI TIULEANU contra MARICA ANDREEA VALENTINA, en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 885 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a MARICA ANDREEA VALENTINA**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 24/1/2020 a las 10:30 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo, se ha acordado citar para su asistencia al acto de juicio a los representantes legales de MARICA ANDREEA VALENTINA, a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **MARICA ANDREEA VALENTINA**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, a siete de enero de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0076

#### XULGADO DO SOCIAL N ° 4 VALLADOLID

#### *Anuncio*

D/Dª MARIA YOLANDA MARTIN LLORENTE, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 004 de VALLADOLID, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000186 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D<sup>a</sup> ALBERTO BARROSO GARCIA contra la empresa GECONSA, sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

#### **FALLO**

Que estimando en parte la demanda interpuesta por D. Alberto Barroso García, frente a GECONSA ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURÍDICA, con citación del FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, debo condenar y condeno a la empresa demandada a abonar al actor la cantidad de 2.461,01 €, más 2011,11 € por los intereses prevenidos en el artículo 29.3 del Estatuto de los Trabajadores devengados y 2,97 por los intereses establecidos en el artículo 1.108 del Código Civil, sin perjuicio, en su caso, de la responsabilidad subsidiaria del FONDO DE GARANTÍA SALARIAL.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciendo la indicación de que contra la misma no cabe interponer recurso en vía ordinaria.

Así por esta mi sentencia, dictada e incluida en el archivo digital correspondiente del Juzgado para su tratamiento informático en el día de la fecha, de la que se deducirá certificación para unir a los autos de que dimana, y a la que se le dará la publicidad prevenida en la normativa en vigor, definitivamente juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a GECONSA, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

VALLADOLID, a tres de enero de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0077